

Luns, 26 de outubro de 2020

Núm. 206

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Persoal, oposicións

RECTIFICACIÓN DE ERROS. BASES XERAIS E ESPECÍFICAS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019 - PRIMEIRA FASE. (EXPTE.: 36285/220)

RECTIFICACIÓN DE ERROS. BASES XERAIS E ESPECÍFICAS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017-2018-2019 -PRIMEIRA FASE.

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data do 2 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo polo que se procede a rectificación de erros nas bases xerais e específicas da oferta de emprego público correspondente a os anos 2017, 2018 e, 2019, publicada no BOP número 128 de data 07/07/2020, que se reproduce a continuación:

PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os erros detectados, -a instancia de parte e de oficio e de conformidade co informe de xefatura de bombeiros de data 21/09/2020-, na proposta da Área de RRHH e Formación, de data 10/03/2020 e consecuentemente no acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, de data 12/03/2020, Bases Xerais e Específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018, e 2019 (1ª Fase da Convocatoria) (Expte: 34733-220), debendo figurar:

- No epígrafe 5, relativo ás prazas de Policía Local, apartado IX, que establece o Baremo do concurso na quenda de mobilidade horizontal; no punto 3 onde consta “Diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente: 1,50 puntos.”
Debe constar “Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.”
- No epígrafe 5, relativo ás prazas de Policía Local, apartado VIII, 1 B “Coñecemento da lingua galega”, onde consta o CELGA 3, debe constar CELGA 4.
- Nos epígrafes 2 correspondente a Bombeiro e 3 correspondente a Conductor /a Bombeiro, respectivamente; nos apartados VII das Fases de Concurso de ambos:

a) O parágrafo: “Será considerado como mérito correspondendo para cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 6 puntos, debe modificarse por: “Será considerado como mérito correspondendo para cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 8 puntos.”



Luns, 26 de outubro de 2020

Núm. 206

b) Debe eliminarse o parágrafo: “Ademáis, en función do emprego acadado como militar profesional de tropa ou marinería na Unidade Militar de Emerxencias, asignarásese a seguinte puntuación: 1. Cabo: 0,5 puntos; 2. Cabo 1.º 1punto; 3. Cabo Maior: 1,5 puntos ; 4. Sarxento: 2 puntos.”

- No Epígrafe 3.- Conductor/a Bombeiro, no apartado III Sistema de selección, onde di “Establécese o de oposición libre, debe dicir: “Establécese o concurso-oposición libre”.
- Na Base sétima das xerais “Protección de datos”, onde consta “Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal”, debe constar “Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.”
- No Anexo I, Contido certificado médico, onde consta “OEP 2014, 2015 e 2016 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 22/12/15, 26/01/16 e, 27/04/16, respectivamente”, debe constar “OEP 2017, 2018 e 2019 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data (publicacións oficiais no BOP 29/12/2017, BOP do 26/11/2018 e BOP 11/09/2019 respectivamente.”

Mantendo os restantes extremos do acordo indicado”.

SEGUNDO.- Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda e na páxina web municipal www.vigo.org”.

MDG/

Vigo, 06 de outubro de 2020

A TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE EMPRESA, ECONOMÍA, SEGURIDADE E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL (Delegación competencial por Decretos de 18/06/2019, 26/06/2019 e 02/09/2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019, 04/07/2019 e 05/09/2019).- Elena Espinosa Mangana

